## Festa da Anguía de Valga

# A xugosidade da anguía acompañada da dulzura do augardente de Valga

### Esta festa gastronómica enxalza a riqueza de dous produtos emblemáticos do municipio

**Redacción**

O concello de Valga vive cada mes de agosto dende 1989 a súa tradicional festa da Anguía e Mostra da Caña do País. Unha celebración única da gastronomía e cultura galega, declarada de Interese Turístico de Galicia, que enxalza e da a coñecer dous emblemáticos produtos do municipio.

Ao estar centrado na anguía, este evento é dotado de moita orixinalidade e atractivo, pois amosa a riqueza dun produto do mar e do río non tan coñecido coma o polbo, o mexillón ou calamar, pero que é un dos peixes máis exquisitos e saborosos do Ulla.

Nesta festa os seus asistentes poden degustar unha infinidade de propostas culinarias no que este alimento é o protagonista: empanada, frito, guisado con patacas, rebozado, en escabeche ou á Bella Otero (con arroz).

O chef lalinense Álex Iglesias coñece á perfección a versatilidade da anguía como produto, pois nunha sesión de cociña en vivo celebrada o pasado martes deleitou aos comensais elaborando unhas empanadillas doces no que o peixe era o ingrediente estrela.

ECG



Tapas nunha edición anterior da Festa da Anguía.

### Unha celebración conxunta

Dous anos despois da súa edición inaugural, o Concello acordou celebrar esta cita gastronómica coa mostra dos augardentes tadicionais que se elaboran en todas e cada unha das parroquias de Valga, xurdindo desta maneira a Mostra de Caña do País.

A través desta iniciativa, diversos produtores locais de caña poden mostrar aos veciños e visitantes o produto que, seguindo fielmente o modelo tradicional transmitido de xeración en xeración, conseguían obter coa destilación do bagazo da uva: a auténtica caña do país de Valga, un dos augardentes máis apreciados e recoñecidos que se poden probar en Galicia.

Por outra banda, o encanto da festa tamén reside no atractivo programa cultural e musical que ofertan, con diferentes concertos, bailes rexionais, mostras e actividades lúdicas.













## Festa da Anguía en Valga

# Unha programación moi completa que vai moito máis alá do prato e da copa

### Aparte das propostas gastronómicas, Valga gozará da actuación da orquestra Charleston

**Redacción**

A XXXV festa da Anguía e Mostra da Caña do País de Valga xa arrancou e, con ela, veciños e visitantes poderán gozar de diferentes actividades gastronómicas e propostas musicais que non os deixarán indiferentes.

A xornada de hoxe será completa. Ás 20.00 horas terá lugar a presentación da botella conmemorativa da XXXV Mostra da Caña do País, que dará paso á cata final do concurso tradicional de Caña do País. Ás 21.30, o grupo Quinkillada amenizará a festa no Parque Irmáns Dios Mosquera.

O sábado comezará por todo o alto coa degustación de tapas de anguía ás 12.00 horas. Pola tarde haberá festa infantil no Parque Irmáns Dios Mosquera e, seguidamente, arrancará a tradicional demostración de augardente, no Centro de Interpretación de Caña do País.

Ás 21.30 horas haberá outra degustación de tapas de anguía, esta vez tamén con cócteles feitos con caña do país. Pola medianoite terá lugar unha queimada popular, que dará paso ao espectáculo de fogos e luces. A xornada culminará coa orquestra Charleston Big Band, o grupo Ráfaga e o DJ Cristian Álvarez.

O Domingo, de 12.00 a 15.00 horas, será o momento da esperada XII Ruta-Concurso Tapa a Anguía.

CEDIDA



A orquestra Charleston Big Band amenizará a verbena nocturna do sábado.

D'Mares
BACALAO PÉREZ ESPAÑA S.L.
Tlf. 986 557 900 • Fax: 986 564 428 | Ullán, 62. Infesta 36640 Pontecesures
www.dmares.es • www.bacalaoperezespana.com

Clínica Dental
Dra. B. Santiago Mondragón
C/. Travesía dos Muelles, 1 • 1º D
PONTECESURES - PONTEVEDRA
T. 986 557 879
C-36000293

CENTRO MÉDICO PSICOTÉCNICO
CESURES
Alfonso Diz Villar
MÉDICO
Víctor García, 27 - 1º - B
T. 986 557 245 • 618 884 884 • Pontecesures

REVISIONES GRATUITAS
centro DENTALvalga
Diseñamos tu sonrisa
Avda. de La Coruña, 64 - 66 - portal 2 - 1ºE - Valga (Pontevedra)
T. 986 559 181 - 666 532 965
· Odontología general
· Ortodoncia invisible
· Blanqueamiento dental
· Implantes con cirugía guiada
PRESUPUESTOS SIN COMPROMISO
ESPECIALISTAS EN:
PRÓTESIS DENTAL
C-36-000885

